



Recomendación dirixida á Consellería de Facenda e Administración Pública para que se avalíe a posibilidade de promover, no exercicio das súas competencias de coordinación e control da execución da política de persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades públicas instrumentais do sector público autonómico, a convocatoria de provisión do postos mediante concursos específicos para aqueles que así veñen configurados nas relacións de postos de traballo.

...

Expediente: A.11.Q/15546/23

Santiago de Compostela, 13 de febreiro de 2024

Sr. conselleiro:

Ante esta institución, mediante escrito de queixa, compareceu solicitando a nosa intervención XXX con DNI nº XXX, relativa ao prazo máximo das comisións de servizos respecto a postos a cubrir por concurso específico.

ANTECEDENTES

Primeiro.- A persoa interesada, no seu escrito de queixa manifesta:

Me pongo en contacto con vd. para denunciar una práctica que se está dando con algunas de las plazas de Concurso "Específico" ocupada en Comisión de Servicios. Tal y como recoge la "LEY 2/2015, de 29 de abril, DE EMPLEO PÚBLICO DE GALICIA", las "COMISIONES DE SERVICIOS" son una situación administrativa de carácter "temporal" que tienen una duración máxima de 1 año, prorrogable por otro año (máximo total de 2 años, en todo caso), independientemente de que la forma de provisión de la plaza sea por concurso "ordinario" o "específico".

En la práctica está ocurriendo que en algún caso, estas plazas con sistema de provisión por concurso "Específico", NO se está teniendo en cuenta este plazo "máximo de 2 años" tal y como obliga la Ley ocupándose indefinidamente en el puesto año tras año., algo que ni es legal ni coherente.

Desde la aprobación de esta Ley de Empleo Público de Galicia, se creó esta nueva modalidad de concurso "específico" para su convocatoria. Después de años, estas plazas todavía no han sido convocadas y están siendo ocupadas en comisión de servicios "eternas" (indefinidas) a expensas de su próxima convocatoria. Pero esto es algo que nunca se produce, y ni siquiera hay trazas de ello. Alegan que como está pendiente de su próxima convocatoria, pues este plazo máximo legal de 1 año prorrogable por otro (máximo de 2) no se respeta y lo que hacen es automáticamente prorrogarlo cada 6 meses... así indefinidamente, quedando ocupadas estas plazas años... sin fundamento alguno. Concretamente, la Plaza de "XEFATURA SECCIÓN DE HABILITACIÓN PERSOAL RÉX. INTERNO E REXISTRO" de nivel 25 (Código de Puesto: MAO191000036001063), en el ÁREA PROVINCIAL DO INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO (IGVS) en PONTEVEDRA; se ha resuelto en el mes de mayo de 2021, por lo que una vez transcurrido el máximo de 2 años de ocupación y encontrándose actualmente en la obligación de volver a publicarla para su nueva cobertura, sigue ocupada por la misma persona.

Segundo.- Por informe da Dirección Xeral da Función Pública, en esencia, se indica:

O artigo 96 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, establece que os postos reservados ao persoal funcionario de carreira poden proveerse excepcionalmente e de xeito temporal mediante comisión de servizos voluntaria.

A resolución do 21 de novembro de 2008 desta dirección xeral pola que se modifica a resolución do 27 de marzo de 2006, sobre a cobertura temporal de postos de traballo mediante comisión de servizos, establece "que con anterioridade a que se remita a proposta para a tramitación, darase publicidade durante un prazo de 5 días na páxina web da Dirección Xeral da Función Pública do/s posto/s que se pretende cubrir mediante comisión de servizos". Ademais, sinala que "para a comisión propoñerese, preferentemente, a persoal do mesmo centro directivo no que exista a vacante.

Neste sentido, de conformidade co artigo 91.1 da Lei 2/2015, do 29 de abril, o concurso específico aplicarase como sistema de provisión para aqueles postos de traballos para os que, polas súas peculiaridades, así se determine nas correspondentes relacións de postos de traballo.

O Decreto 151/2022, do 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos de mobilidade do persoal funcionario de carreira da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades públicas instrumentais integrantes do sector público autonómico (DOG núm. 173, do 12 de setembro de 2022), no seu artigo 20 regula o procedemento do concurso específico.

O concurso específico será convocado e resolto pola persoa titular de Consellería de destino dos postos que se convoquen.

Todo o exposto ten un único obxectivo que é lograr unha mellor prestación de servizos nos distintos ámbitos da administración, dando continuidade ás persoas funcionarias que ocupan eses postos que, doutro xeito, dado que non se convocou ningún concurso específico, deberían estar cambiando continuamente.

Polo tanto, e dado que ata o ano 2022 a mobilidade mediante o sistema de concurso específico non era posible levarse a cabo, considérase que a actuación realizada pola administración con respecto ao posto MAO19100036001063 que é unha Xefatura de Sección de Habilitación de Persoal e Réxime Interno, que require coñecementos específicos da materia non supón menoscabo dos dereitos do interesado.

ANÁLISE

Primeiro.- A Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, no seu artigo 14 sinala:

1. Correspóndelle á persoa titular da consellaría competente en materia de función pública o desenvolvemento xeral, a coordinación e o control da execución da política de persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades públicas instrumentais do sector público autonómico.
2. En particular, correspóndelle á persoa titular da consellaría competente en materia de función pública:
 - a) Velar polo cumprimento das normas de xeral aplicación en materia de emprego público por todos os órganos da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades públicas instrumentais do sector público autonómico e impulsar, coordinar e desenvolver os plans, os métodos de traballo e as medidas tendentes á promoción do persoal.

Por outra parte, o seu artigo 86, Garantía de mobilidade, preceptúa:

1. Garántese o dereito á mobilidade voluntaria do persoal funcionario de carreira incluído no ámbito de aplicación desta lei, de acordo cos procedementos previstos nela.

O seu artigo 91 regulamenta o procedemento de concurso específico.

Na súa Disposición transitoria cuarta, Persoal funcionario de carreira que ocupe postos de traballo que deixen de proverse polo procedemento de libre designación, establece:

3. A consellaría competente en materia de función pública procederá á modificación das relacións de postos de traballo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades públicas instrumentais do sector público autonómico derivadas do cambio no procedemento de provisión dos postos de traballo das xefaturas de servizo ou postos equivalentes.

Segundo:- Polo que atinxe ás comisións de servizo, a Lei 2/2015, no seu artigo 96 sinala:

1. Os postos de traballo reservados ao persoal funcionario de carreira pódense prover excepcionalmente e de maneira temporal mediante comisión de servizos voluntaria nos seguintes casos:

a) Cando os postos estean vacantes, mentres non se proceda á súa provisión definitiva

Terceiro.- O Decreto 151/2022, do 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos de mobilidade do persoal funcionario de carreira da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades públicas instrumentais integrantes do sector público autonómico (DOG núm. 173, do 12 de setembro), regula o concurso específico na Sección 2ª do seu capítulo II.

No seu artigo 20.2 indica:

A convocatoria e a resolución do concurso específico corresponde á persoa titular da consellería de destino dos postos que se convoquen

Cuarto.- O Decreto 151/2022, na Sección 1ª do seu capítulo III, regula a Comisión de servizos voluntaria.

Artigo 30. Supostos de comisión de servizos voluntaria

1. O persoal funcionario de carreira con destino definitivo poderá ocupar, excepcionalmente e de maneira temporal, un posto de traballo en comisión de servizos de carácter voluntario sempre e cando pertenza ao corpo ou escala e reúna os demais requisitos que estableza a correspondente relación de postos de traballo.

2. As comisións de servizos poderán acordarse nos seguintes supostos:

a) Para desenvolver un posto de traballo cando estea vacante. Para estes efectos enténdese por vacante o posto que non teña titular, así como aquel en que o seu titular estea ocupando outro posto en comisión de servizos ou estea de permiso por parto; de permiso por adopción, garda con fins de adopción ou acollemento, ou de permiso do proxenitor diferente da nai biolóxica por nacemento, acollemento, garda con fins de adopción ou adopción dun fillo ou filla.

Artigo 31. Prazo de duración

1. A duración da comisión de servizos de carácter voluntario será, con carácter xeral dun ano prorrogable por outro, en caso de que o posto de traballo non se cubra con carácter definitivo, agás nos supostos recollidos nas alíneas b), c), d) e f) do artigo anterior, en que a súa duración se entenderá mentres persista a situación que a orixinou.

En canto ao seu procedemento e competencias da Consellería de Facenda e Administración Pública, o artigo 34, in fine, sinala:

A dita proposta deberá ser motivada, indicará as razóns obxectivas que xustifican a concesión da comisión a favor dunha persoa con respecto aos demais solicitantes e remitirase ao órgano competente en materia de función pública para a súa resolución.

Quinto.- No presente caso, ante a queixa sobre o incumprimento do carácter excepcional e temporal das comisións de servizos en postos a cubrir por concurso específico, a administración indica que a súa convocatoria corresponde á consellería de destino do posto.

Sendo isto acorde ao sinalado na normativa indicada, non o é menos que, segundo o informe remitido, dende a determinación das prazas a cubrir por concurso específico (Lei 2/2015) e a posterior regulamentación deste procedemento (Decreto 115/2022), “non se convocou ningún concurso específico”. Esta argumentación para xustificar a permanencia das comisións de servizos (de carácter excepcional e temporal), dado o tempo transcorrido, non parece axeitada.

CONCLUSIÓN

Por todo o anterior, considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a esa Consellería a seguinte **suxestión**:

Avaliar a posibilidade de promover, no exercicio das súas competencias de coordinación e control da execución da política de persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade

Autónoma de Galicia e das entidades públicas instrumentais do sector público autonómico, a convocatoria de provisión do postos mediante concursos específicos para aqueles que así veñen configurados nas relacións de postos de traballo.

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución da Valedora do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da aceptación da resolución formulada, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémoslle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta-se incluírá na páxina web da institución.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que a Valedora do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.

Saúdoo atentamente.

María Dolores Fernández Galiño

Valedora do Pobo